

Resolución do 9 de xuño de 2025, da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, pola que se resolve a convocatoria de bolsas Santander NO Erasmus para o curso 2025/26 e se publica a listaxe definitiva de persoas adxudicatarias e en listaxe de agarda

Mediante a resolución reitoral do 19 de marzo de 2025, establecéronse as bases reguladoras das bolsas Santander NO Erasmus e procedeuse á súa convocatoria para o curso 2025/26.

No artigo 7 das ditas bases establecéronse os criterios de avaliación de solicitudes e o 09/06/2025 a Oficina de Relacións Internacionais formula a correspondente proposta de resolución para a concesión de bolsas ás persoas solicitantes seleccionadas, así como a denegación das solicitudes que non acreditaron reunir algún requisito esixido na convocatoria ou desistiron da súa solicitude.

Tras resolver as reclamacións recibidas e comprobar que todas as persoas adxudicatarias cumpren cos requisitos da convocatoria

RESOLVO

Artigo 1

Conceder as bolsas ás 20 persoas que se relacionan no anexo I desta resolución, así como o importe que en cada caso se sinala, que se corresponde con aquelas persoas que obtiveron unha maior nota media nos seus estudos, con prioridade ás persoas adxudicatarias de estadias anuais, con discapacidades igual ou superior ao 33% ou beneficiarias dunha bolsa socioeconómica do Ministerio de Educación e Formación Profesional no ano anterior á mobilidade.

Artigo 2

Establecer unha lista de suplentes, que se relaciona no anexo II, ordenadas segundo a nota media, para cubrir as renuncias ou baixas que se puidesen producir entre as persoas adxudicatarias das bolsas.

Artigo 3

1. As persoas adxudicatarias destas bolsas están obrigadas cumprir o artigo 8 da resolución da convocatoria, e deberán aceptar a bolsa no portal www.becas-santander.com no prazo de 7 días naturais, que conta a partir do 15 de xuño de 2025.
2. Calquera incumprimento destas obrigas supón a anulación automática da adxudicación.



3. En calquera caso, a concesión da axuda queda supeditada á aceptación da persoa seleccionada pola universidade de destino para unha mobilidade física (presencial), aspecto que a persoa adxudicataria lle deberá xustificar debidamente á ORI.

Artigo 4

1. De acordo con a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas persoas que non se encontren ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou teñan pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

2. Contra esta resolución definitiva, que pon fin ao proceso administrativo, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, segundo o que está disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

Moisés Canle

Vicerreitor de Titulacións e Internacionalización

Anexo I. Relación de persoas adxudicatarias

- 20 bolsas por importe de **1500 euros** cada unha para **estudos**

Nome	Apellidos	Duración estadía	Nota media	Menos oport.
Laura	Santos Lameiro	anual	8,7200	si
Alberte	Carballo Fernández	anual	8,4179	si
Nicolás	Villar Philippon	anual	6,5458	si
Ines Catalina	Perez Pardo	anual	6,1533	si
Joaquin	Carrion Leiro	anual	6,2636	non
Paula	Cima Fernandez	anual	6,2588	non
Alejandra	Leyenda Costas	anual	5,9600	non
Rafael	Balseiro Couceiro	sem	8,1533	si
Joel	Casas Mosquera	sem	7,3700	si
Camila Ximena	Melo Caso	sem	6,9508	si
Andrés	Gento Blanco	sem	8,1682	non
Antía	Gómez Recio	sem	7,6923	non
Xiana	Castro Caamaño	sem	7,5750	non
eva	feito fernandez	sem	7,5077	non
paula	Fernandez Carrón	sem	7,3600	non
Laura	Figueroa Rodríguez	sem	6,8467	non
Aída	Rodriguez	sem	6,7391	non
Catuxa	Diez Ojea	sem	6,4000	non
Lucía	Álvarez Carrera	sem	6,2643	non
Angel	Santiago Martín	sem	6,0270	non

Anexo II. Relación de persoas en listaxe de agarda

Nome	Apellidos	Duración estadía	Nota media	Menos oport.	Orde
Antón	Abal Martinez	Sem	6,0000	non	lista de agarda 1
María	Couto Feito	Sem	6,0000	non	lista de agarda 2
iria	rey pereira	Sem	5,4611	non	lista de agarda 3